



**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

[ceip\\_sestelo\\_baion@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo_baion@edu.xunta.es)

Tif: 886 15 18 98

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

**CENTRO:CEIP DE SESTELO BAIÓN**

**CURSO: 5º E.P.**

**MATERIA: C. SOCIAIS**

**DATA: 12-5-2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

[ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es](mailto:ceip.sestelo.baion@edu.xunta.es)

Tif: 886 15 18 98

**ÍNDICE**

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

[ceip\\_sestelo\\_baion@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo_baion@edu.xunta.es)

Tif: 886 15 18 98

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>Bloque 1: Contidos comúns</b>	
<p>CS-B1.1-Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados, a realización dun produto, a documentación do proceso e a comunicación do resultados.</p>	<p>5º-CSB1.1.1-Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito. [CAA CD CMCT CCL]</p> <p>5º-CSB1.1.2-Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades. [CSIEE CAA]</p> <p>5º-CSB1.1.3-Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa. [CCL CAA]</p>
<p>CS-B1.2-Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o esforzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.</p>	<p>5º-CSB1.2.1-Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material. [CSC CAA]</p> <p>5º-CSB1.2.2-Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático. [CSC CAA]</p>

**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

[ceip\\_sestelo\\_baion@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo_baion@edu.xunta.es)

Tlf: 886 15 18 98

<p>CS-B1.3-Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais, así como comprender diferentes linguaxes recollidos en textos de carácter social, xeográfico ou histórico.</p>	<p>5º-CSB1.3.1-Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais. [CCL CAA CMCT CSC]</p> <p>5º-CSB1.3.2-Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico. [CCL CMCT CSC CAA]</p> <p>5º-CSB1.3.3-Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación. [CCL CD CMCT CSC]</p>
<p><b>Bloque 2: O mundo que nos rodea</b></p>	
<p>CS-B2.1-Explicar como é e de que forma se orixinou o Universo e os seus principais compoñentes.</p>	<p>5º-CSB2.1.1-Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa. [CMCT CCL]</p>
<p>CS-B2.2-Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características.</p>	<p>5º-CSB2.2.1-Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade. [CMCT CCL]</p>
<p>CS-B2.3-Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar, explicando as súas características, movementos, consecuencias e calcular os fusos horarios.</p>	<p>5º-CSB2.3.1-Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios. [CMCT CCL CAA]</p> <p>5º-CSB2.3.2-Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo. [CMCT CCL CAA]</p>

**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)  
[ceip\\_sestelo\\_baion@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo_baion@edu.xunta.es)  
 Tlf: 886 15 18 98

	5º-CSB2.3.3-Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares. [CMCT CCL]
CS-B2.4-Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.	5º-CSB2.4.1-Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel. [CMCT CAA]
CS-B2.5-Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores determinan o clima en España.	5º-CSB2.5.1-Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España. [CMCT CCL]
CS-B2.6-Recoñecer as zonas climáticas mundiais e os tipos de clima de España identificando algunhas das súas características básicas.	5º-CSB2.6.1-Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais. [CMCT CCL]  5º-CSB2.6.2-Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos co clima ao que pertence. [CMCT CAA CCL]
CS-B2.7-Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que a compoñen e as características das principais paisaxes de España	5º-CSB2.7.1-Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade. [CCL CSC CAA]
CS-B2.8-Describir as características do relevo de España e a súa rede	5º-CSB2.8.1-Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as

**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

[ceip\\_sestelo\\_baion@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo_baion@edu.xunta.es)

Tif: 886 15 18 98

<p>hidrográfica, localizándoos nun mapa.</p>	<p>súas vertentes hidrográficas. [CMCT]</p> <p>5º-CSB2.8.2-Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España. [CMCT]</p>
<p>CS-B2.9-Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible.</p>	<p>5º-CSB2.9.1-Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste. [CSC CCL]</p> <p>5º-CSB2.9.2-Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable. [CSC CAA]</p>
<p><b>Bloque 3: Vivir en sociedade</b></p>	
<p>CS-B3.1-Explicar a importancia que ten a Constitución para o funcionamento do Estado español, así como os dereitos, deberes e liberdades recollidos nesta.</p>	<p>5º-CSB3.1.1-Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español. [CSC CCL]</p>
<p>CS-B3.2-Identificar as institucións políticas que se derivan da Constitución. Funcións e organización.</p>	<p>5º-CSB3.2.1-Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización. [CSC CCL]</p> <p>5º-CSB3.2.2-Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles. [CSC CCL]</p>
<p>CS-B3.3-Describir a organización territorial do Estado español así como os órganos de goberno.</p>	<p>5º-CSB3.3.1-Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias. [CSC CCL]</p>

**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

[ceip\\_sestelo\\_baion@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo_baion@edu.xunta.es)

Tlf: 886 15 18 98

<p>CS-B3.4-Valorar a diversidade cultural, social, política e lingüística do Estado español respectando as diferenzas.</p>	<p>5º-CSB3.4.1-Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural. [CSC CCL]</p>
<p>CS-B3.5-Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e os factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais que inciden nos datos de poboación.</p>	<p>5º-CSB3.5.1-Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación. [CMCT CCL CSC]</p> <p>5º-CSB3.5.2-Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación. [CMCT CAA]</p>
<p>CS-B3.6-Distinguir os principais trazos da poboación española explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente.</p>	<p>5º-CSB3.6.1-Describe os principais rasgos da poboación española. [CCL CSC]</p> <p>5º-CSB3.6.2-Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade. [CCL CSC]</p> <p>5º-CSB3.6.3-Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española. [CCL CSC]</p> <p>5º-CSB3.6.4-Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas. [CSC]</p>
<p>CS-B3.7-Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de</p>	<p>5º-CSB3.7.1-Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país [CSC CCL]</p>

**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

[ceip\\_sestelo\\_baion@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo_baion@edu.xunta.es)

Tlf: 886 15 18 98

emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación española.	5º-CSB3.7.2-Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc. [CSC CCL]
CS-B3.8-Explicar as diferenzas entre materias primas e os produtos elaborados, identificando as actividades que se realizan para obtelos.	5º-CSB3.8.1-Identifica e define materias primas e produto elaborado e os asocia coas actividades nas que se obteñen. [CSC CCL]  5º-CSB3.8.2-Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertencen. [CCL CSC CMCT]
CS-B3.9-Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España	5º-CSB3.9.1-Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen. [CSC CMCT]  5º-CSB3.9.2-Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e as súas localizacións nos territorios correspondentes. [CCL CSC]



**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)  
[ceip\\_sestelo.baion@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo.baion@edu.xunta.es)  
 Tlf. 886 15 18 98

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	<p><b><u>Procedementos:</u></b></p> <p>Avaliarase a o alumnado seguindo os resultados das avaliaci3ns do primeiro e do segundo trimestre, de maneira continua e global. Igualmente, terase en conta a actitude de motivaci3n, implicaci3n e esforzo do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe, sempre con car3cter positivo, ademais da s3a evoluci3n dende a avaliaci3n inicial ao principio de curso.</p> <p>Os procedementos utilizados partir3n da observaci3n directa e sistem3tica a trav3s das actividades realizadas polo alumnado na aula durante os dous trimestres anteriores, os resultados das probas escritas, a consecuci3n das competencias clave, resultados obtidos da realizaci3n de proxectos de aula, traballos en equipo, tarefas integradas e a revisi3n dos cadernos dos alumnos/as.</p> <p><b><u>Instrumentos:</u></b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-R3brica de consecuci3n de competencias clave.</li> <li>- Listas de cotexo</li> <li>-Probas espec3ficas: orais e escritas.</li> <li>-Caderno individual.</li> <li>-Traballos, tarefas integradas ou proxectos.</li> <li>-Exposici3ns ou investigaci3ns.</li> </ul>
<b>Cualificaci3n final</b>	<p><b><u>Procedemento para obter a cualificaci3n final de curso:</u></b></p> <p><b>-1ª Avaliaci3n:</b> computar3 un 45% do total da cualificaci3n final do curso.</p> <p><b>-2ª Avaliaci3n:</b> computar3 un 45% do total da cualificaci3n final do curso.</p> <p><b>-3ª Avaliaci3n:</b> valorarase a realizaci3n das tarefas encomendadas durante o per3odo de atenci3n educativa non presencial cun 10% do total da cualificaci3n final do curso. Faise constar que durante esta avaliaci3n traballarase na recuperaci3n e reforzo dos est3ndares de aprendizaxe non acadados polo alumnado nas d3as primeiras avaliaci3ns.</p>

**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)  
 ceip\_sestelo.baion@edu.xunta.es  
 Tlf. 886 15 18 98

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Actividades de repaso:</b> Propóñense a diario actividades de repaso dos contidos explicados durante o primeiro e segundo trimestre de maneira presencial, a través da plataforma Agueiro. Serán exclusivamente dos contidos que o titor considere que a maioría dos/as alumnos/as chegasen a interiorizar e comprender correctamente.</li> <li>- <b>Actividades de ampliación:</b> Para o alumnado que se considere que é capaz de realizalas ou que ten superados os estándares de aprendizaxe dos trimestres anteriores.</li> <li>- <b>Actividades de reforzo:</b> Para o alumnado con dificultade na adquisición dos estándares propostos no primeiro e segundo trimestre.</li> <li>- <b>ACS:</b> Seguirase o mesmo procedemento co alumnado que está a traballar coas adaptacións curriculares.</li> </ul> <p>Algunhas das actividades propostas son:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>-Visualización de vídeos explicativos e lúdicos.</li> <li>-Tarefas integradas colaborativas .</li> <li>-Traballo individual: fichas, cuestionarios interactivos, lecturas, busca de información...( plataforma Agueiro)</li> <li>-Creación de materiais: vídeos, audios...</li> <li>-Participación en videoconferencias. ( pregunta-resposta, chuvia de ideas, cancións, xogos, ...)</li> </ul>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p>A metodoloxía será <b>activa e participativa</b>, potenciando a variedade de materiais e de recursos e neste caso, con máis necesidade, utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).</p> <p>Todo o alumnado do curso ten conectividade, polo que se fomenta a metodoloxía <b>baseada no uso das tecnoloxías</b> e desenvolvemento da competencia dixital para adquirir as demais competencias.</p> <p>A metodoloxía proposta promove a consolidación de <b>aprendizaxes significativas</b> a través de actividades motivadoras, de ánimo e superación das circunstancias actuais.</p> <p>Traballaranse as <b>intelixencias múltiples e rutinas de pensamento</b> como forma de abordar a <b>diversidade</b> do alumnado.</p> <p>A metodoloxía será <b>personalizada</b>, coa revisión das tarefas, resolución de dúbidas e o <b>feedback</b> correspondente. como forma de asegurar a aprendizaxe do alumnado.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p><u><b>Recursos materiais:</b></u> Materias subidos á plataforma Agueiro. Diferentes recursos educativos audiovisuais, descargables...</p> <p><u><b>Plataformas e ferramentas específicas:</b></u> Explicacións empregando aplicacións como Whiteboard.fi, Canal de youtube, espazo abalar, Kahoot, Edilim, Powtoon, Office 365, Cerebriti, Genially, Neardpod, Audacity, etc...</p>



**CEIP SESTELO-BAIÓN**

Lugar de Sestelo s/n - 36614 (Vilanova de Arousa)

[ceip\\_sestelo.baion@edu.xunta.es](mailto:ceip_sestelo.baion@edu.xunta.es)

Tlf. 886 15 18 98

	<p><b>Recursos humanos:</b> profesorado de aula (titores/as e especialistas) , departamento de orientación e a mestra do programa REFÓRZA-T solicitado para a atención deste curso. Tamén se precisará a colaboración familiar no desenvolvemento dalgunhas actividades.</p>
--	--

4. Información e publicidade	
<p><b>Información ao alumnado e ás familias</b></p>	<p><b>1. Procedemento empregado de información as familias é:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Páxina web do centro.</li> <li>- Correo corporativo.</li> <li>- Formularios ás familias ( Office 365)</li> <li>- Plataforma abalar (Abalarmóbil)</li> <li>- Chamadas telefónicas individualizadas</li> <li>- Aplicación Webex</li> </ul> <p><b>2. Procedemento empregado para informar ao alumnado é:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Plataforma Agueiro</li> <li>- Mensaxería Agueiro</li> <li>- Aplicación Webex</li> </ul>
<p><b>Publicidade</b></p>	<p>Darase publicidade ás familias a través da páxina web do centro.</p>